



Ampliado o prazo de inscrición para os cursos de xóvenes gandeiros en Mouriscade

- **Acollemento exitoso para o curso de xullo, con prazas completas ao 100%.**
- **Ampliación de dúas semanas para cubrir as últimas prazas do curso de agosto.**
- **Unha semana de formación e diversión que promete unir a paixón polas vacas os gandeiros novos.**

Martes, 9 de xullo de 2024

Desde FEFRIGA e o Club de Xóvenes, estamos moi satisfeitos coa acollida dos cursos de xóvenes gandeiros que se van celebrar en Mouriscade coa colaboración de Clun.

O venres finalizou o prazo de inscrición, completándose o 100% das prazas para o curso do mes de xullo. Para o mes de agosto, a situación é igualmente prometedora, aínda que quedaron algunhas prazas libres. Por esta razón, a organización decidiu ampliar o prazo de inscrición para o curso de agosto, co obxectivo de completar as 30 prazas dispoñibles. Este prazo ampliarase dúas semanas máis para permitir cubrir as derradeiras prazas vacantes.

Estes cursos ofrecen unha semana de formación, diversión, coñecemento de novos amigos e a oportunidade de compartir a paixón polas vacas. Animamos a todos os interesados a aproveitar esta ampliación do prazo e unirse a nós para vivir esta experiencia única.

Para máis información, non dubiden en contactar coa organización.

FEFRIGA e Club de Xóvenes.